

III TRIATLON SOLIDARIO CONCELLO DE NEGREIRA

(proba de promoción aberta a licencias de 1 día)

Proba solidaria a favor da Obra Social Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago.

De cada inscrición serán doados 5€ á Obra Social Pediatría para a obtención de recursos cos que desenvolver proxectos para investigación en pediatría, actividades educativas hospitalarias, rehabilitación integral dos nenos e as súas familias, promoción e difusión da educación para a saúde e innovación na asistencia entre outras.

Con esta aportación queremos reforzar as investigacións xa en marcha, especialmente as relacionadas con enfermidades raras.

REGULAMENTO

Organiza:

Club Cervecería O Cotón Negreira

Lodeco S.L.U.

Federación Galega de Triatlon

Email: lodeco@lodeco.es

Persoa de contacto: Miguel Fernández

Teléfono: 600 433 203

Federación Galega de Triatlon e Péntatlon Moderno

Patrocina:

Concello de Negreira

Colaboran:

Obra Social Pediatría

Fenosa

Nutrisport

Policía Local

Protección Civil

Secretaría Xeral para o Deporte

Datas e horarios das carreiras:

Sábado 9 de xuño de 2018

- Saída Masculina ás 17:30h

- Saída Feminina ás 17:35 h.

- Proba relevos ás 17:38h

Distancias:

Sprint: 0,750 km de natación (1 volta) – 20 km en bicicleta (3 voltas)– 5 km de carreira a pé (3 voltas)

Inscripcións: Ata o martes 5 de xuño

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscripcións](#).

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Prezo:

Individual: 15€ (Cadetes gratuíta)

Relevo: 25€- (Cada participante non federado aboará 12 € máis para tramitar o seguro de un día)

INDIVIDUAIS.- Limitado a 250 participantes

Federados.-

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscripcións](#) e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

O pagamento deberá facerse con tarxeta bancaria a través de TPV.

Licencias 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en [REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.
Custe licenza de 1 día de 12 €+ 15€ Inscrición **Total ingreso 27€**

Os cadetes e menores non federados só pagarán os 6€ da licenza de un día de menores

Imprescindible , para que a inscrición sexa válida, enviar copia do DNI a fegatri@hotmail.com

EQUIPOS DE RELEVOS- Limitado a 20 equipos

Enviarase o seguinte formulario con todos os datos cubertos de cada participante, xuntando o xustificante de pagamento e a copia do DNI en vigor á Federación (fegatri@hotmail.com)

Todos os integrantes do relevo que non sexan federados deberán facer a licenza de 1 día

O pagamento, só para os relevos, farase no N° de conta da Federación Galega de Tríatlon e P.M.:

Banco Sabadell ES37 0081 5223 16 0001338040

Custe Equipo 25 € + (12 euros por cada participante non federado)

Os cadetes non federados só pagarán os 6€ da licenza de un día de menores

NOME EQUIPO:	_____	
TELÉFONO:	_____	
SECTOR	DNI	NOME E APELIDOS
NATACIÓN		
CICLISMO		
CARREIRA		

Imprescindible , para que a inscrición sexa válida, enviar copia do DNI dos participantes non federados.

Baixas e política de Devolucións

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACIÓN LISTAS DE INSCRITOS:

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Haberá cronometraxe champion-chip, cada participante terá que aboar unha fianza de 25 €, **o día da proba, ó recoller o dorsal**, dos cales lles serán devoltos 23€ o finalizar a carreira, (2€ aluguer do chip, agás cadetes) ou ben poderá quedarse co chip en propiedade, o que lle permitirá participar co mesmooen calquera proba de tríatlon ou atletismo organizadas co sistema de cronometraxe champion-chip. Calquera participante que teña xa en propiedade o chip de color AMARELO (non valen chips de calquera outro color) poderá correr con él, non sendo necesario o pago de fianza algunha.

Saída e primeira transición:

Ponte de Ons - Brión

Segunda transición:

Campo da Feira

Meta:

Praza Cotón

Recollida de dorsais:

Na carpa de organización, no Campo da Feira o sábado de 15:50h a 16:50h

Gardarroupa: todos aqueles atletas que o desexen poderán facer uso do servizo gardarroupa habilitado pola organización na zona de meta.

Á zona de saída recoméndase levar só o material necesario para competir que será trasladado pola organización á zona de meta unha vez finalizada a natación.

Reunión técnica:

Ás 16:40 h nas inmediacións da saída.

Control de material: OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA OU D.N.I.

T2 (zona meta) : Control de equipamento exclusivo de carreira a pé de 16:00h a 17:00 h

T1 (zona saída): Control de equipamento ciclista, dorsais, gorro e chip : De 16:15 h a 17:20 h

Categorías proba individual: -Cadete / -Junior / -Sub-23 / -Veteranos

Categorías proba relevos: -Feminina / -Masculina / -Mixta

Premios:

* Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.

* Premios económicos probas feminina e masculina

o 1º clasificados masculino e feminina	100,00 €
o 2º clasificados masculino e feminina	75,00 €
o 3º clasificados masculino e feminina	50,00 €
o Mellor parcial de natación masculino e feminino*	50,00 €
o Mellor parcial de ciclismo masculino e feminino*	50,00 €
o Mellor parcial de carreira masculino e feminino *	50,00 €
o Club con máis participantes finalizados	100,00 €
o Club con máis participantes femininas finalizadas	100,00 €

*Estes premios non serán acumulables nin entre si nin cos da clasificación xeral pasando o premio ao seguinte mellor tempo.

Ao importe do premio económico individual practicaráselle unha retención do 15% en concepto de I.R.P.F.

* Premios económicos proba de relevos

o 1º equipo masculino	60,00 €
o 1º equipo feminino	60,00 €
o 1º equipo mixto	60,00 €

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

Normas de competición

- A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

[Ver Normativas FETRI 2018](#)

[Ver Regulamentos FEGATRI](#)

[Reglamento Oficial de Competición FETRI](#)